

Confianza da tribo

Unha música fonética

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

Velaquí chega, efluente e silandeiro unha vez máis, este libro da man de X. Vázquez Pintor: un escritor todoterreo e hoxe en día un dos grandes piares da narrativa galega, desde que a partir do ano 1996 decidira contarnos as vedrañas experiencias dos nosos oficios, os saberes da tribo e logo deleitarnos e tamén estarrecernos con fabulacións tenrísimas, pavorosas, mais sempre epopéicas, como son as súas novelas, *A memoria do boi*, *Quen faga voar* ou *Mar de bronce*. Desta volta a

manos e suevos, escribe V. Pintor estas pequenas crónicas, rotuladas con nomes latinos. Nesta manchea de vidas extremas ao revés do xeito natural, o lector poderá mergullarse en abondas fasquías da vida de noso, do máis xenuíno da vida aldeá. É o encontro coas mulleres e homes da Galicia interior e tamén da do mar. Mestura pois, unha vez máis, da cultura da montaña e da ribeira. Obradoras de Galicia, as velliñas máis vellas, máis que anciáns, as mulleres bonitas que han ser as

nenas que vexan a primeira luz no paraíso das mariquiñas voadoras. Tamén viven nestas crónicas os animais da nosa terra. O galo Liro que señorea vinte amas no curral; a cadela frade que manda no xardín selvático, o merlo ventureiro; o cabalo negro e preto que nunca amou no monte das Eguas; o moucho que mouchea de lonxe; o burriño pedrés que carreta os

escrita de Vázquez Pintor dálle voz multiplicada e multicolor aos verdadeiros suxeitos da identidade galega en forma de pequenas crónicas, “crónicas de dentro”, recuperados desde os sonhos do profundo para brincar con elas coma os xolgaretes e as trasnadas literarias. Crónicas de vidas extremas que rescatan e conservan as cadencias da nosa identidade e sobre todo a nosa oralidade, esa gran teima de sempre do autor e que tanta presenza ten na súa escrita.

Vázquez Pintor quiere unha vez máis deixar rexistrada a confianza dos seus, da súa tribo, “que foran guerra, martirio e indulxencia, carballo e códice, amo e toupá, égoa, can, bidueiro, coquina, bardo, mía senhor”. E partindo da identidade ancestral, dos nosos raigaños ro-

sacos dos merdeiros; as pegas rabilongas... Tamén os lugares máxicos da nosa terra, feitos mesmo de chemineas que non mancan a paisaxe. E o mar, o mar comunal (“cando o mar era de todos e se repartían as xeiras e os oficios”).

Realidades presentes e fantásticas imposturas contadas con tensión, emotividade, sorpresa que o autor acada mediante o desvelamento dese segredo que tan ben domina: un estilo forte, epopéico, quizais abeirado ao barroquismo, e un rexistro léxico riquísimo, aprendido e tirado da oralidade, que fan da prosa de V. Pintor unha verdadeira música fonética, coma el mesmo ten definido a nosa lingua.

VÁZQUEZ PINTOR, X., *Máis vidas*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP 14 €

